


José Ortega y Gasset

HISTORIA DA FILOSOFÍA


Vida, obras e contexto filosófico.

- José Ortega y Gasset nasceu em Madrid em 1883.
- A sua **família** pertencia á **burguesia liberal** e era proprietária do diário madrileño *El Imparcial*.




Vida, obras e contexto filosófico.

- Ortega **estudou filosofía en Madrid** e visitou despois varias **universidades alemás**: Leipzig, Berlín e Marburgo (1905-1908).
- Alí entrou en contacto co:
 - **Vitalismo de Nietzsche**
 - **Fenomenoloxía de Husserl**
 - **Historicismo de Dilthey.**
 - **Neokantismo**



Edmund Husserl




Wilhelm Dilthey

Vida, obras e contexto filosófico. A fenomenoloxía de Husserl.

NON ENTRA NO EXAME

- A fenomenoloxía é a **rama da filosofía que estuda como percibimos**, é dicir, como se da a experiencia.
- Husserl afirma que **non se pode saber si o que percibimos corresponde exactamente coa súa forma real**. É dicir non é posible determinar a correspondencia entre o mundo subxectivo e o obxectivo.
- Husserl afirma que a conciencia sempre é "conciencia de algo". Non existe unha mente illada; **sempre estamos dirixidos intencionalmente a un obxecto**. Non existe unha "mente baleira"; sempre estamos a apuntar a algo (Intencionalidade). É dicir **non existe unha conciencia sen un obxecto**.

O **obxectivo** da fenomenoloxía é **describir as estruturas da experiencia pura para entender como o suxeito constrúe o mundo**.



Vida, obras e contexto filosófico. A fenomenoloxía de Husserl.

NON ENTRA NO EXAME

- Isto implica que **a distinción suxeito - obxecto da filosofía moderna é falsa**, xa que ao estar a conciencia sempre dirixida a algo (obxecto), sen este non existiría e, viceversa, sen unha conciencia que o perciba o obxecto non podería existir.

Descartes when he realized that people who don't think also exist



Conciencia (suxeito) e obxecto son as dúas caras da mesma moeda: A experiencia

Vida, obras e contexto filosófico. A fenomenoloxía de Husserl.

NON ENTRA NO EXAME

Epoché (redución)

- Husserl afirma que, se ben é imposible saber si o mundo percibido (subxectivo) é real (obxectivo) **si podemos estudar por que estamos convencidos de que é real.**
- Para tal obxectivo Husserl propón levar a cabo unha **reducción fenomenolóxica** mediante o **método da epoché.**
- É poñer o mundo "entre paréntese". Non importa se as cousas existen fisicamente ou non, **o que importa é como aparecen na nosa mente.**

Vida, obras e contexto filosófico. O historicismo de Dilthey

NON ENTRA NO EXAME

- A súa gran achega foi **separar as ciencias naturais das Ciencias do Espírito (Humanidades)**.
- Para Dilthey, **o ser humano non ten unha "natureza" fixa, ten historia**. Se queremos comprendernos → temos que estudar a nosa historia.
- **Non hai verdades universais fóra do tempo**. É dicir, Dilthey considera que **para entender a alguén, tes que entender a súa época, súa cultura e a súa "vivencia"**.

Introducción a las ciencias del espíritu

Wilhelm Dilthey



OBRAS I

Vida, obras e contexto filosófico. O historicismo de Dilthey.

NON ENTRA NO EXAME

- Exemplo: Imaxina que intentas entender por que alguén na Idade Media queimaba bruxas.
 - O erro: Xulgalos cos teus valores de 2026. Si o fas pensarás que eran simplemente bestas irracionais.
 - **Que facer?:** Tes que **intentar comprender o pensamento, circunstancias históricas, cultura, etc. da época.** So así, poderás comprender realmente por que o facían.

Para Dilthey as ciencias naturais explican como cae unha pedra; as ciencias humanas comprenden por que alguén decide tirala.

MALLEVS MALEFICARVM, MALEFICAS ET EARVM

harcim frameà conterens,

EX VARIIS AVCTORIBVS COMPILATVS,
& in quatuor Tomos iuste distributus,

*PRIMUM DEO PRIORES VANAS DEMONVM
versutias, prestigiosas eorum delusiones, superstitiosas Strigimagarum
ceremonias, horrendas etiam cum illis congressus, exaltam denique
tam pestifera sceleris disquisitionem, & puniticem complectuntur.
Tertius praxim Exorcismarum ad Daemonum, & Strigimagarum male-
ficiam de Christi fidelibus pellenda; Quartus vero Artem Doctrinalem,
Benedictionalem, & Exorcismalem continet.*

TOMVS PRIMVS.

Indicet Auctorum, capitum, verumque non desunt.

*Edicio nouissima, inofficis prae mendis expurgata; cuique accessit Fuga
Demonum & Complementum artis exorcisticae.*

*Vi sine mulier, in quibus Pyromicus, vel diuinationis fuerit spiritus, morte moriatur;
Leuitici cap. 10.*



LYGDIJ.
Sumptibus CLAVDII BOVRGEAT, sub signo Mercurij Galli.

M. DC. LXIX.
CVM PRIVILEGIO REGIS.

Vida, obras e contexto filosófico. Neokantismos.

NON ENTRA NO EXAME

- Os neokantismos son un **conxunto de correntes filosóficas** que xurdiron en Alemaña a mediados do século XIX baixo o lema "**Volver a Kant!**".
- O seu **obxectivo principal** foi **rescatar e actualizar o pensamento de Immanuel Kant** para **responder os desafíos da ciencia moderna, opoñéndose ao materialismo** (tanto ao histórico de Marx ou o dialéctico de Hegel) **e ao positivismo da época.**

Vida, obras e contexto filosófico. Neokantismos.

NON ENTRA NO EXAME

- O neokantismo dividiuse en **dúas grandes vertentes** con enfoques distintos:
 - **Escola de Marburgo:** Centrada na lóxica e a ciencia. Os seus autores (como Hermann Cohen e Ernst Cassirer) vían a filosofía como unha reflexión sobre os fundamentos das ciencias matemáticas e naturais. Para eles, o obxecto de coñecemento é "construído" polo pensamento.
 - **Escola de Baden:** Centrada nos valores e a cultura. Filósofos como Wilhelm Windelband e Heinrich Rickert buscaron diferenciar as "ciencias da natureza" das "ciencias do espírito" (como a historia), argumentando que estas últimas deben basearse en valores universais e non só en leis físicas.



Ernst Cassirer



Wilhelm Windelband

Vida, obras e contexto filosófico. Ontoloxía de Heidegger.

NON ENTRA NO EXAME

- Heidegger non se pregunta primeiro polo coñecemento, senón polo ser
→ **Que significa “ser”?** A isto chámalo a pregunta polo ser.
- Ademais **diferencia entre ser e entes**:
 - *Entes*: as cousas concretas (unha mesa, unha árbore, unha persoa).
 - Ser: o feito de que as cousas “son” (o que fai posible que aparezan, por exemplo a luz fai posible que unha mesa sexa visible, ou a *nada* que fai que o ente destaque).
- Para Heidegger a filosofía tradicional fixárase nos entes, pero non no ser.




Martin Heidegger

Vida, obras e contexto filosófico. Ontoloxía de Heidegger.

NON ENTRA NO EXAME

O ser humano: o *Dasein*

- O ser humano non é unha cousa máis, senón un **tipo especial de ente**:
 - Heidegger chámalo Dasein (“ser-aí”), porque **é o único ente que se pregunta polo ser** → O ser humano é clave para a ontoloxía.
- **O ser-no-mundo**
 - O Dasein non está separado do mundo:
 - Non somos suxeitos illados que miran obxectos, senón seres “no mundo”.
 - Non hai separación suxeito/obxecto como na filosofía moderna
 - Vivimos sempre nunha rede de relacións, accións e significados




Vida, obras e contexto filosófico. Ontoloxía de Heidegger.

NON ENTRA NO EXAME

Existencia e posibilidade

- O ser humano non é algo fixo:
 - É posibilidade
 - Constrúese coas súas decisións
 - Existir = proxectarse cara ao que un pode ser.




Vida, obras e contexto filosófico.

- **Vitalismo de Nietzsche:** Defende a vida como valor supremo e vontade de poder, rexeitando a moral racionalista para abrazar os instintos e a creación de novos valores.
- **Fenomenoloxía de Husserl:** Propónse estudar como os fenómenos preséntanse directamente na conciencia antes de calquera teoría ou prexuízo. Husserl defende que a conciencia (suxeito) non é algo separado do mundo (obxecto). Dito doutro modo, senón existise o mundo (obxecto) ao que poder dirixir a conciencia, a conciencia non existiría e viceversa, senón existise unha conciencia para percibir o mundo (obxecto), este non existiría.
- **Historicismo de Dilthey:** Sostén que a vida humana e a realidade social só poden comprenderse a través do seu desenvolvemento histórico, diferenciando a explicación natural (ciencias naturais) da comprensión do espírito (humanidades). Se queremos comprender un fenómeno do pasado, temos que coñecer as circunstancias históricas que o rodeaban en lugar de xulgalo desde o presente.
- **Neokantismos:** Busca fundamentar o coñecemento científico e os valores culturais recuperando a crítica da razón de Kant fronte ao materialismo e a metafísica.
- **Ontoloxía de Heidegger:** O ser humano non vive illado no mundo, nin existe a separación entre suxeito - obxecto. O ser humano non é algo fixo, senón que existir é un proxectarse cara ao que un pode ser.

Vida, obras e contexto filosófico.

- En 1910 obtivo a cátedra de Metafísica da Universidade de Madrid.
- As súas leccións universitarias serían publicadas despois baixo o título de ***Unhas leccións de metafísica***.
- Exerceu, ademais, a política e o xornalismo, e alcanzou notoriedade pública.
- En 1923 fundou a *Revista de Occidente*.






Vida e obras

- Uns anos despois, dimitiu da súa cátedra en protesta pola ditadura de Primo de Rivera (1929).
- Trasladou entón as súas clases a salas de teatro, con grande éxito de público.
- O curso de filosofía que impartiu en once leccións publicouse co título de *Que é filosofía?* (onde trata a natureza e función da filosofía)




Vida e obras

- Para entón, xa publicara:
 - **Meditacións do Quixote** (1914, trata a relación entre o individuo e a súa circunstancia. Aquí aparece a súa famosa idea: “*eu son eu e a miña circunstancia*”, defendendo que non se pode entender a persoa sen o seu contexto.)
 - **O espectador** (1916-1934, onde plasma reflexións sobre a cultura, a sociedade e a vida cotiá).
 - **España invertebrada** (1921, Denuncia a crise e desarticulación de España como nación. Analiza a falta de cohesión social e política, e critica a debilidade das elites e a desunión territorial).
 - **O tema do noso tempo** (1923, Onde propón a superación do racionalismo mediante a súa integración coa vida → **raciovitalismo**, defendendo un perspectivismo no que a verdade se constrúe a partir da integración das distintas perspectivas individuais)



Vida e obras

- En 1930 publicou ***A rebelión das masas*** (onde analiza o ascenso do home - masa e as súas consecuencias na sociedade).
- O planteamento é o seguinte:
 - Xorde unha **maioría social sen ningún tipo de esixencia intelectual e moral**.
 - Existe un **perigo** real de que esa masa **impoña a súa mediocridade**.
 - Si isto ocorre **a cultura e as elites** (minorías máis preparadas intelectuais, políticas, culturais e esixentes consigo mesmos) **deixan de cumprir o seu papel de guía na sociedade**.
 - As consecuencias para a sociedade:
 - A sociedade se queda sen dirección clara
 - Domina a mediocridade
 - Baixa o nivel cultural e político
 - Impóñense opinións sen fundamento




Vida e obras

- Cando se instaurou a **República (1931)** foi elixido deputado, pero, decepcionado, **dimitiu en 1934**.
- A súa **decepción** plasmouse nunha famosa expresión:
«Unha cantidade inmensa de españois que colaboraron no advento da República coa súa acción, co seu voto ou co que é máis eficaz que todo isto, coa súa esperanza, dinse agora entre desasosegados e descontentos: ¡Non é isto, non é isto!».



Vida e obras

- Nesa época escribiu ***Historia como sistema*** (1935), na que defende á historia como realidade fundamental para entender o ser humano.
- Ortega afirma que **o ser humano non ten unha natureza fixa, senón que é historia** e que a vida humana é un **proceso en constante construción**.
- Polo tanto **para comprender a alguén precisamos entender a súa traxectoria vital e histórica**.



Vida e obras

- Estalou a **Guerra Civil** (1936) e Ortega **exiliouse** en Francia, Holanda e Arxentina, e trasladouse finalmente a Lisboa.
- **Regresou a España en 1945**, pero seguiu apartado da súa cátedra. Aínda así, a súa influencia estendeuse, máis aló da Escola de Madrid - círculo orteguiano formado por filósofos como García Morente ou Zubiri-, ata Latinoamérica.
- Fundou entón o Instituto de Humanidades (1948) e impartiu conferencias por toda Europa.
- Durante este periplo europeo tivo a ocasión de coñecer a Heidegger.
- **Morreu en Madrid en 1955**





O PROBLEMA DE ESPAÑA, RAZÓN VITAL, PERSPECTIVISMO, O EU E A SÚA CIRCUNSTANCIA, IDEAS E CRENZAS, A REBELIÓN DAS MASAS

Javier Ortega y Gasset. O problema de España

O PROBLEMA DE ESPAÑA



Javier Ortega y Gasset. O problema de España

- Ortega pertence, xunto a Eugenio D'Ors, Gregorio Marañón, Américo Castro e Manuel García Morente, a un grupo de intelectuais que desenvolveron o seu labor en España entre a xeración do 98 e a do 27 chamada a **xeración de 1914**.
- Teñen en común:
 - A conciencia de que o país debe ser rexenerado
 - Imprescindible a reconstrución cultural española e a súa apertura a Europa.



Javier Ortega y Gasset. O problema de España

Á súa volta das universidades europeas, **Ortega percibiu o grande desfasamento cultural respecto de Europa**

 **Problema: Falta de ciencia**



Consecuencia:

España pensa de xeito subxectivo, sen un método, acrítico e visceral



Consecuencia:

DEFASAMENTO CULTURAL



Solución: rexeneración de España a nivel cultural, intelectual e filosófico.

«A decadencia española consiste pura e simplemente en falta de ciencia, en privación de teoría»

Unha resposta a unha pregunta, Javier Ortega y Gasset

Javier Ortega y Gasset. O problema de España



Europa (sendo Alemaña a capital cultural)

- Posúe unha **actitude científica** (que Ortega resume no **obxectivismo**), e que se caracteriza pola **precisión e o método**.




España

- Posúe un **modo subxectivo de pensar** que se **disolve sen método** e sobre **asuntos que non foron definidos previamente**.
- Todo queda ao todo ao **criterio da propia iniciativa** (voluntarismo).
- Hai que **opoñer a racionalidade, o hábito crítico e o pensamento científico alemán, ao hábito visceral dos españois**, que «falamos da cuestión cos nervios».

«España é o problema, dicimos cos nervios. Europa é a solución» Javier Ortega y Gasset


Javier Ortega y Gasset. A razón vital.

A RAZÓN VITAL



Javier Ortega y Gasset. A razón vital

- O **raciovitalismo** constitúe a doutrina filosófica máis orixinal de Ortega.
- Fúndase no **concepto de «razón vital»**. Este concepto supón que a vida é a realidade radical, englobando o concepto de razón e o de vida.



Javier Ortega y Gasset. A razón vital

! Problema sobre a realidade do coñecemento

✗ **Idealismo:**
A realidade é unha construción do suxeito, un contido da conciencia que a representa. Primacía do suxeito no acto de coñecemento

Racionalismo
A realidade orixinaria é o suxeito pensante

Empirismo
- O mundo está representado nas ideas que o suxeito ten na súa mente (Hume)
- Só existe o que é percibido (Berkeley)

LEVAN AO

! **Subxectivismo**
A realidade radical é o suxeito

✗ **Realismo:**
A realidade existe con independencia do suxeito.
Para coñecer a realidade, o ser humano límitase a ser un mero espectador, pois en esencia o entendemento non pon nada da súa parte na construción do mundo.
É o caso da filosofía grega, que non dubida da existencia das cousas.


LEVAN AO

! **A realidade radical é obxecto**

A razón vital

- Ortega y Gasset **rexeita tanto o idealismo como o realismo** porque considera, que:
 - **O home (suxeito) non pode existir independentemente do que o rodea** (é o ser-no-mundo de Heidegger), e **a vida humana é un «facerse» continuamente** (o ser humano é un proxecto, non un ente fixo, non ten esencia ten historia)
 - **A vida é a realidade radical** (en lugar do “penso, logo existo” racionalista → “vivo, logo penso”: A miña vida é o “escenario” onde ocorre todo o demais)

Javier Ortega y Gasset. A razón vital



Como podemos entender a realidade humana sen reducila a conceptos abstractos e fríos (razón pura) nin a impulsos puramente biolóxicos e irracionais (vitalismo)?

×

Racionalismo:

A razón apela aos conceptos -que son universais, fríos- para aprehender aquilo que está en continuo cambio: a vida.

FRONTE AO RACIONALISMO



Individualidade, a perspectiva e o cambio

×

Vitalismo (Nietzsche):

A vida é a realidade radical. Sen embargo, para a vida só conta o presente, os impulsos, os sentimentos, os instintos: **se só contásemos coa vida o noso comportamento sería irracional.**

Ortega **rexeita racionalismo e vitalismo por separado porque se limitan a aceptar un ou outro concepto** (razón ou instintos)

Javier Ortega y Gasset. A razón vital.

- Nun intento de conciliar ambas posturas, Ortega sinala que **o home é unha razón vital**:

Debe guiar a súa vida pola razón, pero á súa vez a razón non é unha facultade «desencarnada», fría, abstracta, senón que ten unha función vital (de supervivencia, adaptación ao entorno/ «circunstancia»)



Javier Ortega y Gasset. A razón vital.

- Na historia da filosofía prevaleceu a razón pura que deixaba de lado as esixencias da vida.
- **Ortega non renuncia ao exercicio da razón**, pero debe tratarse dunha **razón que aprecie a vida e os seus valores**.
- **Non pode haber auténtica vida humana sen a razón, nin auténtica razón se esta se atopa afastada da vida**, porque as categorías da razón e da vida entrelázanse:
 - **A vida e o coñecemento necesítanse**: para poder vivir necesito comprenderme, e necesito saber como é o mundo para saber a que aterme.
 - A diferenza do animal, **o home fai un proxecto da súa vida**, que será máis humano canto menos irracional sexa. No home conta máis o futuro que o presente, pois o noso presente está en función do futuro: facemos hoxe (presente) para ser o que decidimos ser (futuro). **A vida é futurición** (é dicir, o ser humano vive para o futuro).

Javier Ortega y Gasset. A razón vital.

**A historia e a realidade
humana**

Javier Ortega y Gasset. A razón vital.

- A historia é a categoría fundamental para entender ao ser humano.
- O home non é unha cousa, non ten natureza, senón que **é historia**: o mundo das cousas pode ser explicado mediante as categorías da ciencia física, pero o home ao carecer de natureza fixa, **debe ser comprendido considerando a súa formación, o seu devir, o seu sentido.**



Javier Ortega y Gasset. A razón vital.

A **razón vital** é tamén unha razón histórica (xa que o ser humano ten historia, non unha natureza fixa), que permite **superar as limitacións da razón pura e comprender ao home na súa historia**. Esta razón sérvese de recursos como a **análise biográfica** (por exemplo: “se quero decidir o que quero ser mañá, teño que coñecer o que fun no pasado”) ou a **teoría das xeracións para dar sentido a un presente determinado polo pasado**.

Javier Ortega y Gasset. O perspectivismo

O PERSPECTIVISMO



O perspectivismo

⚠ Problema:
Que é a verdade?
Como podo coñecela?



Razonamento: *Raciovitalismo*
A razón (individual) e a vida (de cada individuo a cal vai ligada a súa razón) son os componentes fundamentais da realidade.




- ✓ Unicamente podemos coñecer o modo como unha determinada realidade se nos presenta nun momento concreto.
- ✓ Non coñecemos a realidade total, senón a realidade tal como se presenta á nosa perspectiva.



Solución: Perspectivismo
- Cada verdade é o punto de vista parcial dun suxeito, que necesita integrarse na perspectiva dos demais.



O perspectivismo



A montaña é
escarpada e está
nevada

A montaña é
suave e é
verde

Quen minte?

**A resposta é: ningún dos
dous.**

**Cada un ten unha
perspectiva distinta.
A verdade (neste caso
sobre a montaña) é a
suma de todas as
perspectivas**

«Cada vida é un punto de vista sobre o universo. En rigor, o que ela ve non o pode ver outra».

O tema do noso tempo. José Ortega y Gasset.

O perspectivismo

- A **perspectiva** imponse a un dobre nivel:
 - **Individual**: cada un dos suxeitos humanos ve o mundo desde a súa propia óptica.
 - **Histórico-social**: cada pobo ou cada cultura percibe dun modo determinado a realidade, de maneira que debemos ter en conta todas as perspectivas, pois desta forma abarcamos a realidade dun modo total (por exemplo a saída do sol era distinta para gregos ou exipcios a suma de todas as perspectivas nos proporciona unha idea máis completa do amencer para o ser humano).



O titán Helios




Ra vs a serpe Apofis

«A realidade cósmica é tal, que só pode ser vista baixo unha determinada perspectiva. A perspectiva é un dos compoñentes da realidade. Lonxe de ser a súa deformación, é a súa organización. Unha realidade que vista desde calquera punto resultase sempre idéntica é un concepto absurdo [...]. Todo coñecemento o é desde un punto de vista determinado».


(JOSÉ ORTEGA Y GASSET: *O tema do noso tempo.*).

0 perspectivismo

NON ENTRA NO EXAME



Nanahuatzin: Deus Sol Azteca



O perspectivismo



**Todas as perspectivas son válidas?
Que pasa si algunha é un disparate?
As mitoloxías serían válidas?**



O perspectivismo

- Para Ortega, **unha perspectiva non é unha invención, é un xeito de captar a realidade** → Se estou nunha montaña, podo cambiar a miña perspectiva da montaña, pero non negar que é unha montaña (disparate).
- Isto implica **que algo disparatado non pode ser unha perspectiva.**
- **As mitoloxías son perspectivas históricas**, maneiras que tiñan homes do pasado de captar e interpretar a realidade. **Cada perspectiva ten a súa vixencia** (a día de hoxe non tería sentido pensar que Zeus é o que causa os raios, pero sí o tiña no seu momento polo que foi unha perspectiva válida) **que é o que a fai válida.**



O perspectivismo

É a ciência a única verdade absoluta máis aló das perspectivas de cada un?



O perspectivismo

Introdución: O perspectivismo rexeita ao:

✗ Dogmatismo racionalista

(existen verdades absolutas, eternas, e só se admite como verdade aquilo que a razón concibe de maneira clara e distinta)

✓ Non existe un ser separado do mundo como din os racionalistas, a nosa razón é indisociable do mundo, e polo tanto non existe unha “razón pura” que poida crear verdades universais.

✗ Escepticismo

Non existen verdades absolutas, nin sequera existe a verdade. O escepticismo garda **relación co relativismo** (non existe a verdade, posto que non hai máis punto de vista que o individual ou o cultural)

✓ Razón e vida son indisociables polo que cada perspectiva aporta a súa verdade, sendo a suma de todas a verdade total.

O perspectivismo

- En conclusión, para Ortega, **a ciencia non é unha verdade absoluta**, senón unha verdade que destaca, a diferenza doutras, polo seu **rigor e exactitude**.


Javier Ortega y Gasset. O eu e a súa
circunstancia.

O EU E A SÚA CIRCUNSTANCIA



O eu e a súa circunstancia

- Ortega parte do concepto de *mundo contorno*, que procede da bioloxía.
- Lamarck (creador do *lamarckismo*, pioneiro do *evolucionismo*) afirmara que o ser vivo é o que é en función das esixencias do seu ambiente.
- Á súa vez, o biólogo Jacob Von Uexküll sinalara que cada animal posúe un medioambiente, de modo que o animal forma parte do ambiente como o ambiente forma parte do animal.



O eu e a súa circunstancia

- Agora ben, a relación do home co mundo é substancialmente diferente. O animal non ten «mundo», senón ambiente natural.
- **O mundo é un ámbito exclusivo do home, e está composto por realidades non naturais, como os símbolos, a linguaxe, a cultura, etc.**
- Este mundo humano é o que Ortega denomina a circunstancia.



«Eu son eu e a miña circunstancia -escribe- e se non a salvo a ela non me salvo eu».

Meditacións do Quixote, José Ortega y Gasset.

O eu e a súa circunstancia

- Características do *mundo humano = circunstancia*
 - O **individuo illado non existe separado do mundo-circunstancia no que está inserido**. O noso eu vital configúrase con e polas circunstancias en que vive.
 - **As cousas -o mundo, as circunstancias- carecen de sentido se non hai suxeito que as contemple, pero o eu non pode darse sen as circunstancias.**
 - O home debe «salvar» o seu mundo, é dicir, buscar o sentido de canto o rodea, se quere salvarse el, isto é, se quere coñecerse a si mesmo.
 - A miña circunstancia non é só o coexistir co mundo, senón, tamén e sobre todo, cos demais: **non se pode concibir ao home sen a sociedade.**


O eu e a súa circunstancia

**Se a circunstancia determina
o meu *eu vital*, realmente son
libre?**



O eu e a súa circunstancia

- Esta tese formula a cuestión da liberdade, posto que as circunstancias parecen impor unha determinación do individuo.
- En principio, parece que a liberdade só sería posible se o home non tivese o peso das circunstancias.
- Ortega afirma, sen embargo, que **a nosa circunstancia permite marxes de acción: dentro das miñas circunstancias tamén están as posibilidades da miña vida, ante as cales debo elixir.**
- De aí que para o home a vida sexa un problema: ten que decidir que facer coa súa vida -como afirma tamén Sartre-, **o que proxectou ser.**



Javier Ortega y Gasset. Ideas e creanzas.

Ideas e creanzas



Javier Ortega y Gasset. As ideas e crenzas

- Para orientarse no mundo, o home necesita **saber**, facerse unha idea das cousas: necesita facerse cargo da situación.
- Agora ben, **a representación que nos facemos da realidade non ten unha estrutura única: hai diferentes formas de pensar a realidade.**



Javier Ortega y Gasset. As ideas e crenzas

- Ortega **distingue entre ideas e crenzas:**

Ideas	Crenzas
<ul style="list-style-type: none">• Son representacións da realidade.• Poden ser verdadeiras ou falsas• Pódense valorar, someter a crítica e examinar.	<ul style="list-style-type: none">• Son representacións da realidade que «están en nós», aínda que non pasaran pola razón.• Moitas veces son inconscientes.• Instálanse en nós, dun modo imperceptible, pola presión social.

Javier Ortega y Gasset. Ideas e crenzas.

- Para Ortega o que realmente move a nosa vida son as crenzas e non as ideas. As crenzas están difusas no momento histórico que nos corresponde, instálanse en nós e non poden ser eliminadas pola forza da razón senón por outras ideas ou crenzas.
- Aínda así, **Ortega non está negando a racionalidade**, posto que é consubstancial ao home a predisposición á obxectividade e a exercitar a razón para orientarse na existencia.
- Non se trata, pois, do vitalismo radical de Nietzsche, pero tampouco dun racionalismo, porque a razón vital recolle as aspiracións da vida: **as crenzas permítenos enfrontarnos á dificultade de comprender a existencia e dar sentido ás circunstancias que nos tocou vivir.**

Javier Ortega y Gasset. Ideas e crenzas.

Crenza
“Aforrar cartos no banco é bo e seguro”

Problema e crise da crenza
Período de Hiperinflación

Idea
“Mercar bens tanxibles serve para evitar a devaluación do meu patrimonio”

Nova crenza
“O diñeiro físico non ten valor real; o único seguro son os bens tanxibles”

Javier Ortega y Gasset. Ideas e crenzas.

**Deus que sería?, unha idea?,
unha crenza?, as dúas á vez?**



Javier Ortega y Gasset. Ideas e crenzas.

- «Deus» pode ser unha idea que moitos consideran como verdadeira.
- Pero, para Ortega, unha cousa é ter «idea» de Deus e outra moi distinta «crer» nel. Cando un cre de verdade en Deus, non ten unha «idea» de Deus, senón que simplemente «conta con ela», vive e móvese nela. Isto constitúe a crenza.


Javier Ortega y Gasset. A rebelión das masas.

A REBELIÓN DAS MASAS



Javier Ortega y Gasset. A rebelión das masas

- En *A rebelión das masas* (1930), Ortega sinala un fenómeno europeo novo na historia de Occidente: **o ascenso do poder social da «masa»**, que substitúe ás minorías cualificadas.
- O *home-masa* rebélase contra o ideal de excelencia e contra calquera xerarquía moral ou cultural, «conténtase co que é» e pretende impor o criterio da mediocridade.



Javier Ortega y Gasset. A rebelión das masas

<i>Home - Masa</i>	<i>Home - Selecto</i>
<ul style="list-style-type: none">• Posúe a «psicoloxía do neno mimado», convencido de que só ten dereitos e ningunha obrigaón.• Acepta as vantaxes da civilización como algo natural e non está disposto a asumir a responsabilidade de mantela, porque non é consciente do esforzo que supuxo a consolidación da cultura.	<ul style="list-style-type: none">• É un home esixente consigo mesmo, que persegue os seus ideais e loita polo seu proxecto vital, o que non significa que chegue a realizalo ou que se crea superior aos demais.

Javier Ortega y Gasset. A rebelión das masas

- A **consecuencia** da rebelión das masas é a **degradación moral da vida individual e colectiva**.
- «Europa -chega a afirmar- quedou sen moral».
- Esta situación agrávase porque **as minorías cualificadas desertaron da súa responsabilidade de educar ás masas**.
- É **necesaria «unha nova moral de Occidente» que se concretaría nun proxecto común europeo**, unha Europa unida que volvese crer en si mesma e se comprometese co ideal de excelencia e de autoesixencia.

